




# *Arquitectura Popular Ourenzá \**

**Manuel Caamaño Suárez**  
Fotografías e debuxos: **Tomás Vega Pato**

*A*arquitectura popular está considerada, e así é, como a arquitectura da necesidade e da escaseza, ademais de anónima. Por esa razón a maioría dos seus estudosos insisten en que todo canto elemento construtivo conforma as súas realizacións está encamiñado a resolver problemas prácticos. Sen deixar de ser certa esa percepción, nas construcións populares galegas, como tamén nas doutros países, danse unha serie de aspectos dentro da elementalidade das súas arcaicas, e mesmo primitivas e inxenuas, formas, que ademais de resolver aquelas funcións de fasquía práctica, levan canda si ingredientes decorativos ou ornamentais. Non hai máis que reparar nos corredores e solainas cos balaústres torneados de diferentes xeitos sexan en madeira ou en granito, nas chemineas, nos



\*Este é o texto de introdución do libro titulado "Arquitectura Popular Ourenzá" de Tomás Vega Pato.



remates das cubertas tanto das casas-vivenda como dos hórreos, nos cataventos que enriquecen grandemente algunhas desas contrucións, nos valados que delimitan as parcelas, ou no cromatismo das portas e fiestras nos muros da casa-vivenda. Todos eses elementos de arte popular son feitos polo construtor anónimo, quen deixa sempre a súa pegada artesana orixinal e creativa.

En Galicia, os membros do inesquecible Seminario de Estudos Galegos, moi atentos e impostos nos movementos innovadores e nas correntes culturais do mundo, xa nas súas esculcas etnográficas iniciáticas, feitas con rigor e amor ó país, tiñan reparado nalgún daqueles aspectos. Os nomes de Vicente Risco, Florentino López Cuevillas, Xosé Ramón e Fernández-Oxea ou Xoaquín Lorenzo, todos eles, por certo, fillos da patria ourensá, fixeron a súa descuberta e plasáronos nos seus traballos tanto monográficos como de conxunto, como o cimeiro tratado *Etnografía. Cultura material* do recordado Xoaquín Lorenzo, "Xocas". Dende entón fóronse facendo achegas, moi paseniñamente, que os desenvolveron e completaron. Frescas aínda as tintas, temos que rexistrar nestes últimos anos a aparición de publicacións relacionadas co eido da arquitectura popular, unhas delas que a contemplan en conxunto e outras que atinxen a temas sectoriais como acontece cos libros recén postos ó dispor do público interesado por estas cuestións como son *As lareiras en Galicia*, da autoría dos arquitec-

tos técnicos J. Astray, M. Beiroa e J. Villares, *O conxunto etnográfico dos batáns e muíños do Mosquetín na Terra de Soneira*, do etnógrafo X. M<sup>º</sup>. Lema Suárez e Roberto Mouzo Bermúdez e *Itinerarios de arquitectura popular pola Terra Chá de Carme Pernas Bermúdez*. De aí que saudemos con ledicia a aparición do libro que temos nas mans, **Arquitectura popular ourensá. Pechos de clausura simple e complementos. Encintados, encalados e engadidos decorativos** realizado por **Tomás Vega Pato**, estudoso de vello de temas etnográficos, algún deles suxerido, como é o caso do presente, polo seu mestre e amigo Xoaquín Lorenzo, a quen lle dedica o texto co gallo de se conmemorar os cen anos do nacemento do gran arqueólogo e etnógrafo de Lobeira.

Froito de demorados traballos de campo, nesta magnífica investigación, o seu autor nos ofrece un cumprido e rigoroso estudo relacionado coas humildes obras artesanais dos **pechos de clausura e dos seus complementos**, tanto dos realizados en madeira como en ferro nos obradoiros artesanais, e **cos encintados, encalados e engadidos decorativos**, todos eles con funcións ben definidas dentro dunha ornamentación primitiva.

Se ben os pechos de clausura podemos velos en todas as construcións da arquitectura popular do noso país, e foron merecedores dunha certa atención dende hai tempo, non ocorre o mesmo cos comun-

mente coñecidos como encintados, de longa tradición en moitos países europeos, xa presentes nas obras italianas do medievo coa técnica dos grotescos e moi evidentes, aínda hoxe, nos esgrafiados da arquitectura catalá. Así como os primeiros están presentes por todo o país, a existencia dos segundos adquieren relevancia e acadan personalidade propia nas terras luguesas do sur –como testemuña o estudo *Debuxo e ornamentación na arquitectura do sur da provincia de Lugo*, realizado no 1991 polo arquitecto P. Lizancos coa colaboración dunha serie de especialistas, nos concellos de Sober, Monforte de Lemos e Pobra de Brollón–, ou por toda a xeografía da demarcación provincial de Ourense, con máis presenza nas zonas de val que de montaña.


O libro que concita a nosa atención afonda, logo de pescudas laboriosas, no estudo de ambos elementos construtivos. Nel contense un intenso traballo de campo e de gabinete no que se recollen uns aspectos existentes nas creacións construtivas levadas a cabo ó longo do tempo polo

pobo galego, hoxe moi degradadas, desvirtuadas e en perigo certo de desaparición. Este profuso traballo, que constitúe unha achega do maior interese, iniciouno o seu autor no ano 1980 e, logo de percorrer detidamente numerosas entidades poboacionais das máis de 4.000 que se integran na provincia ourensá, ofrécenos un estudo que abrangue numerosas foto-

grafías, bocetos e deseños, figuras e cadros tipolóxicos, que dan orixe a un nutrido banco de datos, acompañado dunha clasificación dos tipos estudados e co desexo de lograr una normalización do léxico empregado nas dúas materias. Dese xeito, o seu autor denomina o traballo como manual-inventario e de certo que ese empeño lógrao de vez.

Saúdo, xa que logo, con ledicia, este galano co que, para conmemorar o centenario do nacemento do mestre Xoaquín Lorenzo, nos ven de agasallar Tomás Vega Pato e, asemade, agradecer a confianza que depositou en min para inicialo con estas breves liñas na publicación que promove a Deputación de Ourense.

Só desexo que este exemplar e exhaustivo traballo sirva de estímulo para que se prosiga a afondar no mellor coñecemento do amplo universo que conforma a arquitectura popular, así como na preservación, ata onde sexa posible, dun dos máis senlleiros sinais que nos identifican ós galegos dende tempos seculares como un pobo con personalidade propia.





*O mar terra adentro*  
Xaquín Lorenzo  
*Gravuras de Conde Corbal*

**FRANCISCO CALO LOURIDO**

Patrón do Museo do Pobo Galego. Doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Catedrático de Xeografía e Historia do Instituto "Torrente Ballester" de Pontevedra. Correspondente da Real Academia Galega e membro da Sección de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega. Premio Investigación Antón Losada Diéguez (1995).

Autor de numerosas investigacións, entre as que destacaremos as seguintes obras: *La cultura de un pueblo marineru: Porto do Son* (1978). *As artes de pesca* (1980). *A cultura castrexa* (1993). *A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa* (2 tomos, 1994). *Xentes do mar* (1996). *Castro de Baroña* (1986). *Fainas do mar. Vida e traballo no litoral Norte* (1999)...